

ACTA DE APERTURA DOS SOBRES "B" QUE CONTEÑEN A DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PONDERABLES EN FUNCIÓN DUN XUÍZO DE VALOR DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" DO CONCELLO DE AMES

Na Casa Consistorial de Ames sendo as dez horas do día 12 de setembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do procedemento aberto **PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" DO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

Dona Genma Otero Uhía, concelleira delegada de Economía e Facenda do Concello de Ames.

Vogais:

Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.

Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.

Don Isabel García Cancela, concelleira delegada de participación e atención veciñal e promoción económica.

Dona Marta Bellas Rodríguez, arquitecta municipal da Corporación.

Por parte dos **grupos municipais da oposición**, con voz pero sen voto, asiste o representante do grupo municipal do Partido Popular, don Roberto José Martínez Viaño, a concelleira do grupo municipal Ames Novo, dona Pilar Candocia Pita, e o concelleiro de grupo municipal Pacto x Ames, D. Ramón García Argibay.

Tamén se atopan presentes no acto as seguintes persoas que manifestan que acuden na representación das empresas que asimismo se indican:

- D. Javier Gonzalez Ordiz na representación de Acciona Agua Servicios, S.L.U.
- D. Agustin Cambeiro Piñeiro na representación de Espina y Delfin, S.L.
- D. José Manuel Bello López na representación de Viaqua gestión integral de aguas de galicia, S.A.U.

Secretario: Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Comeza o acto dándose conta de que o obxecto da reunión é o de proceder a apertura do sobre "B" da documentación relativa aos criterios de adxudicación ponderables en función dun xuízo de valor, para que, según o acordado pola mesa de contratación na súa anterior reunión do día 8 de agosto de 2016, a consultora Idom ingeniería y consultoría, S.A.U, na súa condición de asesora da mesa, proceda ao estudo, valoración e puntuación da documentación presentada polos licitadores admitidos.

A continuación dase conta de que, según os pregos de cláusulas administrativas, a documentación incluída neste sobre debía aportarse en soporte papel e ademais en soporte informático. Procédese a apertura dos sobres e dada a complicación de examinar o enorme volume de documentación en formato papel unicamente se procede a comprobar que se incorporen os soportes informáticos solicitados resultando o seguinte:

- 1.- ESPINA Y DELFIN, S.L: compróbase que ademais da documentación en soporte papel presenta un soporte informático (CD/DVD) no que debería figurar a documentación correspondente ao sobre "B".
- 2.- ACCIONA AGUA SERVICIOS, SLU: compróbase que ademais da documentación en soporte papel presenta un soporte informático (USB) no que debería figurar a documentación correspondente ao sobre "B".

R. de la Fuente

3.- FCC AQUALIA, S.A: compróbase que ademais da documentación en soporte papel presenta un soporte informático (CD/DVD) no que debería figurar a documentación correspondente ao sobre "B".

4.- SOCIEDAD DE FOMENTO AGRÍCOLA CASTELLONENSE SA (FACSA) ESPINA OBRAS HIDAÚLICAS, SA (UTE): compróbase que ademais da documentación en soporte papel presenta un soporte informático (CD/DVD) no que debería figurar a documentación correspondente ao sobre "B".

5.- VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU: compróbase que ademais da documentación en soporte papel presenta un soporte informático (CD/DVD) no que debería figurar a documentación correspondente ao sobre "B".

Pola presidenta da mesa preguntase se algún dos presentes desexa examinar a documentación presentada declinando os presentes dito ofrecemento.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor presidente da por rematado o acto, sendo as dez horas e vintecinco minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretario, certifico.



Handwritten signatures in blue ink, including the name "Rafael Vázquez" and other illegible signatures.